

**XV CERTAME
LITERARIO
*DOLORES AGRELO***

XANEIRO 2020

XV CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO DOLORES AGRELO

A ANPA do CPI Cova Terreña de Baiona, na procura de fomentar e divulgar a creación literaria nas novas xeracións, convoca o presente Premio Literario, que leva o nome da persoa que de xeito altruísta doou os terreos onde hoxe se levanta o noso centro educativo.

BASES

1º. Poderán concorrer o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria do C.P.I. de Cova Terreña cunha única obra do xénero de relato curto, de temática relacionada co lema do centro para o curso 2019/2020 “Somos auga”.

2º. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, sendo a súa extensión nunca inferior a 1 folio en Ed.Primaria e 1º e 2º de Ed.Secundaria e 3 folios en 3º e 4º Ed.Secundaria. A extensión máxima non poderá ser superior aos 6 folios. Teranse que presentar mecanografados a 1,5 de espazamento entre liñas, por unha soa cara, cun tipo de carácter *Times New Roman* ou similar e tamaño de 12 puntos.

Haberá unha primeira fase eliminatoria na que se terá en conta se a presentación cumpre cos requisitos das bases, así como a corrección tanto ortográfica como gramatical, coherencia e cohesión textual,... (ver anexo adxunto)

3º. As obras achegaranse nun sobre pechado onde se poderá ler o título da obra, o curso e o pseudónimo do autor/a. Dentro do sobre, ademais do relato, irá un segundo sobre ou plica que conterá o título do relato, o pseudónimo e a identidade do autor, cos seguintes datos: nome, idade e curso ao que pertence.

4º. As obras entregaranse na Secretaría do CPI de Cova Terreña ata o día 16/01/2020.

5º. Estableceranse tres premios por cada ciclo educativo:

Nivel 1: 5º e 6º de Educación Primaria.

Nivel 2: 1º e 2º de Educación Secundaria.

Nivel 3: 3º e 4º de Educación Secundaria.

Os premios consistirán en:

1º Premio: material escolar por importe de 60 euros

2º Premio: material escolar por importe de 50 euros

3º Premio: material escolar por importe de 40 euros

O galardón pode declararse deserto ou ser repartido *ex aequo* entre dous autores.

6º. O Xurado estará formado polos seguintes membros:

- Tres representantes da ANPA.
- Tres profesores/as do centro, un de cada un dos tres niveis educativos que concorren ao certame.
- Un representante do Departamento de Lingua Galega e Literatura,
- Tres alumnos/as, un de cada tramo educativo que participa.

En caso de empate, será o representante do Departamento de Lingua Galega e Literatura o encargado de resolver dita situación co seu voto.

A decisión do Xurado será inapelable e farase pública o día 30 de xaneiro, Día da Paz, de 2020, nun acto público onde se entregarán os galardóns.

7º Todas as obras recollidas no Concurso quedarán depositadas na Biblioteca do centro, para lectura e deleite dos usuarios da mesma.

8º. A interpretación destas bases correspóndelle exclusivamente ó Xurado. O feito de participar no Certame supón a aceptación das bases.

ANPA do CPI de Cova Terreña

Baiona, a 16 de decembro de 2019